



# INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS:

## DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

### QUE É?

É un órgano de coordinación que ten por obxectivo garantir que a orientación forme parte esencial da actividade educativa e de que se estableza unha vía de asesoramento permanente ao profesorado e familias.

### E QUENES O FORMAN?

Está formado polos coordiadores/as dos 3 ciclos da Educación Primaria e o/a coordinador/a da etapa de Educación Infantil; ademais das especialistas en PT (Pedagogía Terapéutica) e AL (Audición e Linguaxe); e tamén a Orientadora.

### QUE É A ORIENTACIÓN?

É un proceso de axuda, dirixido a todos/as os/as alumnos/as (non só ás/aos que teñen dificultades) para que desenvolvan na escola o máximo das súas potencialidades tanto a nivel persoal coma social. Esta axuda realízase en equipo (titores, profesores, pais, orientadora e servizos especializados... todos deben colaborar).

A orientación como tal, forma parte do sistema educativo, non é un servizo excepcional, desenvolvéndose ao longo de toda a escolaridade e non só nun único curso ou cando aparecen dificultades.



## CALES SON AS FUNCÍONS QUE DESENMPEÑA?

As **funcións** máis subliñables serán:

- ✓ **Potenciar a orientación a todos/as os/as alumnos/as** de acordo coas súas características e necesidades, incluíndo (pero non limitándose) aos que requiren dunha atención especial.
- ✓ **Axudarlles** aos/as alumnos/as **a integrarse no centro** para iniciarse na Educación Infantil ou na Primaria.
- ✓ **Valorar en que aspectos destaca cada alumno/a e en cales presenta dificultades**, co obxecto de valorar as necesidades educativas especiais que podan presentar e deseñar as correspondentes estratexias específicas de intervención (si fosen precisas).
- ✓ **Axudarlles a potenciar os aspectos nos que destacan e tamén a superar aquelas dificultades e conflitos cos que se podan atopar.**
- ✓ **Elaborar plans cos que previr a aparición de dificultades** ou problemas de aprendizaxe.
- ✓ **Asesorar ao alumnado e á súa familia**, na toma de decisións en determinados momentos da escolaridade (cambio de ciclo, incorporación á ESO...).
- ✓ **Establecer canles de comunicación** para promover a cooperación entre o centro e as familias.
- ✓ **Asesorar ás familias** en todos os aspectos relativos á escolaridade e desenvolvemento dos/as seus/súas fillos/as (integración na escola, estimulación e motivación; adquisición de hábitos de estudo e autonomía; establecemento de normas e hábitos de comportamento; horarios de estudo...)



**PARA POÑERSE EN CONTACTO CO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:**

**(sempre previa petición de cita)**

No caso que se quiera solicitar unha entrevista co Departamento de Orientación deberase facer o seguinte:

- ✓ **Asistir no horario que o Centro ten establecido para a atención a pais**  
(venres de 13:15\_14:15 horas).
- ✓ **Asistir noutro horario, pero sempre realizando unha petición previa de cita.**
- ✓ **Poñerse en contacto co Departamento:**
  - **Vía telefónica:** 981-67.30.52. (preguntar pola Orientadora –Esther-).
  - **Vía correo electrónico:** [ceip.san.marcos@edu.xunta.es](mailto:ceip.san.marcos@edu.xunta.es) (especificando “Departamento de Orientación”).
  - **A través dos titores/as.**